


Trinta voces pola eliminación da violencia contra as mulleres

Trinta autoras e autores galegos reflexionan dende a escrita ou as artes plásticas sobre a eliminación da violencia machista. Este *Manifesto 25N* xurdiu a partir dunha iniciativa, en novembro de 2020, da Asociación Cultural Caldaloba (Cospeito, Lugo) e reúne algunhas das voces máis comprometidas da nosa literatura e arte actuais.

Páxinas: 74. Formato 14 x 21 cms.
ISBN 978-84-18567-03-2 PVP: 14,50 €



SANTIAGO DE COMPOSTELA, PRIMAVERA, 2021.- O *Manifesto 25N* reúne as voces de trinta autoras e autores galegos que reflexionan, dende a escrita ou as artes plásticas, sobre a violencia contra a muller. A idea xurdiu a partir dunha iniciativa, en novembro de 2020, da Asociación Cultural Caldaloba (Cospeito, Lugo), no mandato do seu primeiro presidente, Martiño Maseda (hoxe responsable de Culturalia GZ), asociación que actualmente preside Montserrat González.

Na nota editorial explícase: “Trátase de avivar as consciencias, desde diferentes ópticas expresivas, nunha repulsa colectiva contra un mal da nosa sociedade que parece non ter fin”.

Con este obxectivo, dende a Asociación Cultural Caldaloba fíxose unha convocatoria aberta para recibir traballos

e foron máis de setenta os achegados, dos que se fixo unha selección destes trinta que agora ven a luz.

A achega de obras é moi variada, tanto no seu formato —poemas, narracións, colaxes, ilustracións, pinturas, caligramas, debuxos— como diverso é tamén no seu enfoque temático.

O deseño e ilustración da capa corre a cargo da artista Xulia Nieto Pereira.

A edición desta obra contou coa colaboración da Área de Cultura da Deputación de Lugo, do Concello de Vilalba e de Culturalia GZ.

As 30 voces (por orde alfabética)

Luz Airado Bello

Pilar Alonso Suárez

Susana Antón Mandayo

Cristina Corral Soilán

Eva de Miranda

Paloma de Toro

Eilún del Pazo Moa

Miguel Díaz

Fátima Domínguez Silva

Andrea Fernández Maneiro

Celso Fernández Sanmartín

Raquel Fernández

Adela Figueroa

Pilar García Rego

Yolanda López

Paula Luís González

Beatriz Maceda Abeleira

Pilar Maseda

Adolfina Mesa

Alberte Momán Naval

Arantxa Nogueira

Toño Núñez

Emma Pedreira

Eli Ríos

Teresa Ríos

Viki Rivadulla

Ramón Sánchez

Ruth Santiso Salgado

Raquel Senra

Patricia Torrado Queiruga

